



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN (AGPI) PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES CULTURAIS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Galega de
Profesionais da Ilustración (AGPI) para a realización de actividades culturais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización de actividades culturais (XIV Encontro Galego de Ilustración, renovación da
web de AGPI).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á
consecución do obxecto referido.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência
pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de
especiais características, por todo o que representa a ilustración para Galicia e a
importancia no deseño destas actividades é a AGPI, a encargada de levar a cabo as
mesmas.





Por todo o anterior é a AGPI a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 26 de abril de 2017

